Sobre a situación do transporte público por estrada en Miño, as actuacións da Xunta de Galicia respecto do seu funcionamento e as previsións que ten verbo da mellora dos servizos

- 45775 - 34678 (12/PRE-017255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as denuncias ou queixas presentadas polas traballadoras do servizo de axuda no fogar nos últimos cinco anos, as súas razóns e as deficiencias detectadas pola Xunta de Galicia a través dos servizos de inspección

- 45559 - 34698 (12/PRE-017259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as necesidades de transporte público na Costa da Morte para mellorar a mobilidade do alumnado das etapas de ensino postobrigatorias e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 45557 - 34814 (12/PRE-017274)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a situación en que está o transporte metropolitano en Ferrolterra e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a adopción de medidas de mellora

- 45555 - 34934 (12/PRE-017292)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas que pensa desenvolver o Goberno galego co fin de impulsar o deporte feminino e conseguir mellores datos de igualdade neste ámbito

- 45399 - 34941 (12/PRE-017295)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a eventual actualización da normativa galega no ámbito do deporte para adaptala á actual lexislación estatal nesta materia

- 45397 - 34945 (12/PRE-017296)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio e as previsións que ten o Goberno galego respecto dunha eventual reunión coas organizacións representativas destes colectivos para atopar solucións ao conflito actual

- 45773 - 34976 (12/PRE-017303)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis



Sobre a postura do Goberno central ante a posibilidade de rescatar a AP-9 aproveitando o ditame da Comisión Europea que cuestiona as prórrogas da concesión

- 44729 - 34993 (12/PRE-017306)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de crear un banco público de alugueiro en Galicia

- 44727 - 34996 (12/PRE-017307)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as garantías que a Xunta de Galicia ofrece actualmente ás persoas propietarias que poñen as súas vivendas no mercado de alugueiro

- 44726 - 35005 (12/PRE-017308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela

- 45395 - 35015 (12/PRE-017309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o estado en que está o proxecto de mellora da seguranza viaria na estrada AC-840 en Oza dos Ríos, no concello de Oza-Cesuras

- 44725 - 35025 (12/PRE-017312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística duns traballos de movementos de terras realizados na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo

- 45772 - 35094 (12/PRE-017329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre os eixes nos que traballa o Goberno galego para ampliar a oferta de vivenda protexida en Galicia

- 45393 - 35101 (12/PRE-017330)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o actual convenio co Consello da Avogacía Galega para o servizo de asistencia xurídica gratuíta e o prazo, as condicións e as previsibles melloras dun novo convenio



- 45390 - 35106 (12/PRE-017331)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a situación do transporte no concello de Camariñas para o alumnado de bacharelato e FP e as medidas e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para resolver os problemas de adaptación do transporte público ás necesidades escolares

- 44722 - 35331 (12/PRE-017352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a dotación docente do CEIP Valle-Inclán, do concello de Oleiros, para o curso 2025-2026 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 45387 - 35532 (12/PRE-017403)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora do transporte en autobús entre Carballo e A Coruña

- 45757 - 35697 (12/PRE-017415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da depuración das augas residuais en Noia e as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mellora das infraestruturas de saneamento e da calidade das augas da ría

- 45385 - 35859 (12/PRE-017430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a situación do transporte escolar no IES Terra de Xallas, de Santa Comba, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir este servizo de xeito estable e en boas condicións a todo o alumnado

- 45755 - 35873 (12/PRE-017431)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o nivel de información que ofrece o Goberno galego respecto do impacto que están a ter as súas políticas para o impulso demográfico

- 45754 - 35885 (12/PRE-017433)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a postura do Goberno galego ante unha eventual integración de todas as políticas de inclusión social, diversidade cultural e convivencia no marco dunha estratexia integral de interculturalidade

- 44720 - 35918 (12/PRE-017439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis



Sobre o nivel de seguridade viaria na travesía urbana de Corcubión e na estrada AC-445 ao seu paso polo lugar da Amarela, neste mesmo concello

- 45381 - 36014 (12/PRE-017441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero desde a aprobación hai dezaioito anos da lei galega contra a violencia machista e as actuacións que prevé impulsar cara adiante

- 45376 - 36023 (12/PRE-017442)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o nivel de seguridade e da oferta de prazas no servizo de transporte público por estrada de Galicia e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir un transporte de calidade, seguro e coa capacidade suficiente

- 45734 - 36066 (12/PRE-017448)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á situación económica das entidades federadas de Fademga Plena Inclusión Galicia

- 45371 - 36129 (12/PRE-017459)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre o prazo previsto para a convocatoria e resolución do concurso público para a nova concesión do servizo de transporte público por estrada na comarca do Barbanza e o control exercido pola Xunta desde 2020 sobre a calidade do servizo

- 45370 - 36130 (12/PRE-017460)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre os criterios que está a empregar a Xunta de Galicia no deseño da nova concesión do servizo de transporte público por estrada na comarca do Barbanza

- 45732 - 36195 (12/PRE-017472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da ría de Arousa en relación coa produtividade marisqueira, coa situación da frota de libre marisqueo e as decisións que vén tomando e prevé tomar a Xunta de Galicia ao respecto

- 45729 - 36220 (12/PRE-017478)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos



Sobre os conflitos entre confrarías da ría de Arousa na xestión dos bancos de libre marisqueo, as previsións do Goberno galego en canto ao exercicio dun papel mediador e as razóns polas que abandonou a súa xestión directa

- 45368 - 36259 (12/PRE-017485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación dos centros de atención a persoas con discapacidade en Galicia, as súas dificultades económicas e a reclamación da actualización do concerto social

- 45712 - 36252 (12/PRE-017489)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o control e a regulación dos baleirados daqueles encoros que teñen incidencia nos bancos marisqueiros e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 45709 - 36431 (12/PRE-017501)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre os datos das vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia e a avaliación do apoio do Goberno central á Xunta de Galicia nesta materia

- 45833 - 36456 (12/PRE-017506)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de incluír no próximo orzamento autonómico unha partida específica destinada a dotar o concello de Oia dun centro de día para maiores

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39303**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a previsión do Goberno galego de acometer as obras de mellora para reducir os sinistros e a perigosidade das estradas C-552 e C-550 ao seu paso por Cee"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O núcleo urbano de Cee sitúase en varios treitos das estradas autonómicas AC-550, AC-552 e AC-445. Segundo a Memoria de Seguridade Viaria de 2024, ningunha destas vías presenta tramos catalogados como de concentración de accidentes (TCA).

Non obstante, a Axencia Galega de Infraestruturas identificou na estrada AC-550 dous Treitos de Alto Potencial de Mellora (TAPM), comprendidos entre os puntos quilométricos 0+000 e 24+470. A Xunta está a traballar na actualidade no proxecto "Medidas de Seguridade MSV nos TAPM da AC-400, AC-430, AC-432, AC-442, AC-550, AC-552, AG-55 e CG-1.5", nos que estarían englobados.

Nas estradas AC-552 e AC-445 non se detectaron TAPM.

A Xunta de Galicia desenvolve unha planificación específica para a mellora destes treitos, entendendo estas actuacións como unha axuda á circulación e ao bo funcionamento da rede viaria, sen que poidan considerarse unha garantía absoluta de seguridade nin substitúan a conducción responsable, sendo obrigatorio respectar en todo momento as limitacións vixentes.

A sinalización actual nas estradas mencionadas cumpre coa normativa aplicable, aínda que se constatan incumprimentos reiterados por parte dalgúns condutores. A vixilancia e sanción destas infraccións corresponde á Dirección Xeral de Tráfico, á Agrupación de Tráfico da Garda Civil e ás policía locais nos tramos urbanos.

No marco da conservación viaria, no ano 2025 a Axencia Galega de Infraestruturas repintou os pasos de peóns e a sinalización horizontal nas estradas AC-550, AC-552 e AC-445. Estas actuacións intégranse no contrato de conservación vixente, asinado en novembro de 2025 cunha duración de catro anos, que inclúe tarefas ordinarias como campañas de sinalización horizontal.

Finalmente, no núcleo rural da Amarela, situado entre os puntos quilométricos 4+320 e 4+670 da AC-445, establécese unha limitación de velocidade de 50 km/h, conforme á normativa autonómica.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, no ano 2021 executáronse medidas específicas de mellora da seguridade nos cruzamentos do Camiño de Santiago coa AC-445, mellorando a visibilidade, reforzando a sinalización vertical, habilitando sendas e instalando bandas transversais de alerta nos puntos nos que foi viable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:38:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:38:01
Nº Rexistro: 45673
Data envío: 15/01/2026 13:38:01.372

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39314**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"se o Goberno galego considera sostible manter a súa postura ante a caída da produción marisqueira, que está a provocar o peche de bancos marisqueiros e a perda de ingresos familiares, maioritariamente en mulleres"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 38833.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjE5Yzk1ZTQzMzYiO0OGY2LWFjZGQzM2M3NjlyZjZjNWY3&start=9660>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a situación do marisqueo na ría de Camariñas e as actuacións previstas pola Consellería do Mar destinadas a conseguir a viabilidade do sector nesta ría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:37:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:37:42
Nº Rexistro: 45670
Data envío: 15/01/2026 13:37:42.290

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39325**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión e prazos da Xunta de Galicia para a execución de beirarrúas e pasos de peóns na AC-300 ao seu paso polo lugar do Sisto, no concello de Rois"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-300 conecta a zona dos Ánxeles, á altura da AC-543, coa Picaraña, cunha lonxitude total de 7,27 quilómetros. No termo municipal de Rois discorre polos tramos comprendidos entre os puntos quilométricos 5+330 e 5+360, e entre o 5+420 e o 6+800, e presenta unha intensidade media diaria de tráfico duns 3.400 vehículos.

No ano 2018 executouse nesta vía unha actuación de reforzo do firme, de maneira conxunta coas estradas AC-261, AC-308 e AC-841, cun investimento total de 622.812,94 euros. No caso concreto da AC-300, realizáronse reparacións puntuais ao longo de todo o seu trazado, nos concellos de Brión e Rois.

A seguridade viaria, e de maneira especial a protección dos usuarios máis vulnerables das estradas, como peóns e ciclistas, constitúe unha prioridade para a Xunta de Galicia. Neste marco, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das principais liñas de actuación en materia de infraestruturas viarias, que permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas ao longo da rede autonómica de estradas.

De xeito complementario, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma continuada actuacións de conservación, mellora e rehabilitación da rede viaria autonómica, co obxectivo de garantir a seguridade do tráfico rodado e a estabilidade da circulación.

No que atinxe a novas actuacións específicas de mellora da seguridade viaria, estas planifícanse de acordo coas directrices establecidas no Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 e seguindo criterios técnicos e obxectivos. Neste sentido, nos últimos anos priorizáronse as intervencións nos treitos identificados como de concentración de accidentes (TCA) e, nos vindeiros exercicios, iniciarase un novo conxunto de actuacións nos treitos de alto potencial de mellora (TAPM), aplicando en ambos casos as metodoloxías empregadas polas administracións xestoras de estradas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Segundo os datos de sinistralidade facilitados pola Dirección Xeral de Tráfico, o treito ao que se refire a pregunta non figura identificado nin como treito de concentración de accidentes nin como treito de alto potencial de mellora.

O persoal técnico da Axencia Galega de Infraestruturas, non obstante, mantén un seguimento continuo do estado e das condicións deste treito, co fin de valorar, de ser preciso, a adopción das medidas necesarias para a mellora da seguridade viaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:05:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44679
Data envío: 11/01/2026 23:05:00.415

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39328**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"os estudos ou informes que xustifican a actuación na AC-300 ao seu paso polo lugar do Sisto, no concello de Rois, para mellorar a seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-300 conecta a zona dos Ánxeles, á altura da AC-543, coa Picaraña, cunha lonxitude total de 7,27 quilómetros. No termo municipal de Rois discorre polos tramos comprendidos entre os puntos quilométricos 5+330 e 5+360, e entre o 5+420 e o 6+800, e presenta unha intensidade media diaria de tráfico duns 3.400 vehículos.

No ano 2018 executouse nesta vía unha actuación de reforzo do firme, de maneira conxunta coas estradas AC-261, AC-308 e AC-841, cun investimento total de 622.812,94 euros. No caso concreto da AC-300, realizáronse reparacións puntuais ao longo de todo o seu trazado, nos concellos de Brión e Rois.

A seguridade viaria, e de maneira especial a protección dos usuarios máis vulnerables das estradas, como peóns e ciclistas, constitúe unha prioridade para a Xunta de Galicia. Neste marco, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das principais liñas de actuación en materia de infraestruturas viarias, que permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas ao longo da rede autonómica de estradas.

De xeito complementario, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma continuada actuacións de conservación, mellora e rehabilitación da rede viaria autonómica, co obxectivo de garantir a seguridade do tráfico rodado e a estabilidade da circulación.

No que atinxe a novas actuacións específicas de mellora da seguridade viaria, estas planifícanse de acordo coas directrices establecidas no Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 e seguindo criterios técnicos e obxectivos. Neste sentido, nos últimos anos priorizáronse as intervencións nos treitos identificados como de concentración de accidentes (TCA) e, nos vindeiros exercicios, iniciárase un novo conxunto de actuacións nos treitos de alto potencial de mellora (TAPM), aplicando en ambos casos as metodoloxías empregadas polas administracións xestoras de estradas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Segundo os datos de sinistralidade facilitados pola Dirección Xeral de Tráfico, o treito ao que se refire a pregunta non figura identificado nin como treito de concentración de accidentes nin como treito de alto potencial de mellora.

O persoal técnico da Axencia Galega de Infraestruturas, non obstante, mantén un seguimento continuo do estado e das condicións deste treito, co fin de valorar, de ser preciso, a adopción das medidas necesarias para a mellora da seguridade viaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 21:09:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44647
Data envío: 09/01/2026 21:09:32.692

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39331**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de incluír nos Orzamentos de 2026 unha partida para a execución de beirarrúas e pasos de peóns na AC-300 ao seu paso polo lugar do Sisto, no concello de Rois"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-300 conecta a zona dos Ánxeles, á altura da AC-543, coa Picaraña, cunha lonxitude total de 7,27 quilómetros. No termo municipal de Rois discorre polos tramos comprendidos entre os puntos quilométricos 5+330 e 5+360, e entre o 5+420 e o 6+800, e presenta unha intensidade media diaria de tráfico duns 3.400 vehículos.

No ano 2018 executouse nesta vía unha actuación de reforzo do firme, de maneira conxunta coas estradas AC-261, AC-308 e AC-841, cun investimento total de 622.812,94 euros. No caso concreto da AC-300, realizáronse reparacións puntuais ao longo de todo o seu trazado, nos concellos de Brión e Rois.

A seguridade viaria, e de maneira especial a protección dos usuarios máis vulnerables das estradas, como peóns e ciclistas, constitúe unha prioridade para a Xunta de Galicia. Neste marco, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das principais liñas de actuación en materia de infraestruturas viarias, que permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas ao longo da rede autonómica de estradas.

De xeito complementario, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma continuada actuacións de conservación, mellora e rehabilitación da rede viaria autonómica, co obxectivo de garantir a seguridade do tráfico rodado e a estabilidade da circulación.

No que atinxe a novas actuacións específicas de mellora da seguridade viaria, estas planifícanse de acordo coas directrices establecidas no Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 e seguindo criterios técnicos e obxectivos. Neste sentido, nos últimos anos priorizáronse as intervencións nos treitos identificados como de concentración de accidentes (TCA) e, nos vindeiros exercicios, iniciárase un novo conxunto de actuacións nos treitos de alto potencial de mellora (TAPM), aplicando en ambos casos as metodoloxías empregadas polas administracións xestoras de estradas.

Segundo os datos de sinistralidade facilitados pola Dirección Xeral de Tráfico, o treito ao que se refire a pregunta non figura identificado nin como treito de concentración de accidentes nin como treito de alto potencial de mellora.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O persoal técnico da Axencia Galega de Infraestruturas, non obstante, mantén un seguimento continuo do estado e das condicións deste treito, co fin de valorar, de ser preciso, a adopción das medidas necesarias para a mellora da seguridade viaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 21:09:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44645
Data envío: 09/01/2026 21:09:15.617

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39531**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"se a Xunta de Galicia elaborou algún plan específico para definir o percorrido, obxectivos e actuacións do Camiño do Litoral ou da Senda dos Faros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría, na comisión 2ª celebrada o pasado 11 de decembro, onde compareceu a petición propia para falar sobre as liñas estratéxicas do litoral.

Enlace ao vídeo da comisión 2ª:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQwZGI0M2U0tMjJkZi00NTJhLWJhMjktMjlkZmRmMzZhNWU5&start=2800>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:37:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:37:50
Nº Rexistro: 45377
Data envío: 14/01/2026 09:37:50.795

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 39604**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Saleta Chao Rivas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as medidas tomadas pola Xunta de Galicia ante a situación na residencia DomusVi de San Lázaro en Santiago, dadas as denuncias de carencias no servizo, a calidade do persoal e a atención médica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O día 2 de xullo de 2025, o servizo de inspección da Consellería de Política Social e Igualdade, inspeccionou a Residencia de maiores DomusVi San Lázaro de Santiago en Compostela. Froito desa inspección detectáronse deficiencias no mantemento das instalacións, constatáronse irregularidades formais respecto á actualización do RUEPSS, así como aos rexistros de curas, caídas e valoracións Barthel.

Destas irregularidades requiriuse a súa emenda e no prazo concedido ao efecto a entidade contestou ao requirimento xustificando a mesma.

Por último, no suposto de detectarse algún caso de enfermidade infecto-contaxiosa nos centros residenciais, estes deben seguir o protocolo establecido ao efecto e poñelo en coñecemento da Consellería de Sanidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:04:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44674
Data envío: 11/01/2026 23:04:19.053

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 40710**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros deputados e deputadas, sobre **"a previsión do Goberno Galego de que os axentes da Unidade da Policía Adscrita a Galicia deixen de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 41110, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 17 de decembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWRkZmYxMmEtY2RkNy00Mjc1LTg3NDgtZjdkNWQ3NjUzYTdk&start=12168>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWRkZmYxMmEtY2RkNy00Mjc1LTg3NDgtZjdkNWQ3NjUzYTdk&start=12572> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:11:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45315
Data envío: 13/01/2026 22:11:08.166

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28458**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da campaña de prevención e control da avésa velutina desenvolvida este ano"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Administración Local en resposta á pregunta oral número 36753, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o pasado 7 de novembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa da directora xeral de Administración Local pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NTg3NWRLZTEtYzI3MS00OGFmLTgwODQtZTcxYWE2N2RkYTJh&start=647](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTg3NWRLZTEtYzI3MS00OGFmLTgwODQtZTcxYWE2N2RkYTJh&start=647)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NTg3NWRLZTEtYzI3MS00OGFmLTgwODQtZTcxYWE2N2RkYTJh&start=1427"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTg3NWRLZTEtYzI3MS00OGFmLTgwODQtZTcxYWE2N2RkYTJh&start=1427)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:29:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44957
Data envío: 13/01/2026 01:29:32.030

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28466**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a previsión do Goberno galego de incentivar o uso do transporte público e de corrixir diferentes eivas en canto ás súas liñas, horarios, frecuencias e información dispoñible nos concellos da área metropolitana da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O impulso do transporte público é unha prioridade para o goberno galego, tanto polo seu papel na mobilidade cotiá como polos beneficios ambientais que supoñen as alternativas ao vehículo privado.

No caso específico da Coruña, a Xunta impulsou desde 2011 a creación das Áreas de Transporte Metropolitano (ATM) para promover o uso do transporte público na contorna das cidades, sendo a da Coruña a primeira en crearse.

O convenio das ATMs favorece a colaboración e coordinación entre concellos e Xunta de Galicia. Deste xeito, é un compromiso da Administración autonómica manter reunións periódicas coas entidades locais no marco da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano.

Todas as propostas presentadas polos concellos da contorna da Coruña estúdanse e avalíanse seguindo criterios técnicos e obxectivos. Na última reunión da comisión de seguimento deuse conta dalgúns solicitudes atendidas nos últimos meses, como a proposta trasladada polo concello de Carral de desviar a liña Entrexardíns – Santa María de Vigo ata Taramuño para dar servizo ao alumnado do IES David Buján.

Tamén relacionado cos centros de ensino, o Goberno galego implantou desde o 19 de maio a proposta feita polo concello de Oza – Cesuras de ampliar a liña que empregan escolares que se dirixen ao IES de Curtis. A Xunta comprometeuse ademais a ampliar ata o 7 de setembro o funcionamento da liña especial que conecta co parque acuático de Cerceda. Este servizo tan só viña funcionando nos meses de xullo e agosto e foi o Concello quen trasladou a solicitude de ampliar a tempada na que esta ruta está dispoñible.

Polo que respecta ás solicitudes do Concello de Cambre, a Xunta considerou viable o axuste da localización de paradas en dúas liñas para mellorar a fluidez da circulación.

No caso de Oleiros, analizáronse as distintas propostas, ofrecendo alternativas viables para dar cobertura a Xaz e reforzar as conexións estivais a Mera.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Para as solicitudes do concello de Carballo, a Xunta informou da disposición a incorporar paradas no polígono industrial de Bértoa en sete servizos de ida e volta que conectan coa Coruña.

En canto as peticións do Concello da Coruña, a Xunta lembrou a recente posta en marcha da comisión de coordinación entre a Xunta e o Concello da Coruña para colaborar na mellora dos servizos e na modernización tecnolóxica do transporte público.

En definitiva, o obxectivo do Goberno galego é que todas estas actuacións redunden directamente na mellora da mobilidade da cidadanía, situando ás persoas usuarias no centro das políticas de transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:29:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44956
Data envío: 13/01/2026 01:29:26.519

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28470**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de incorporar novas rutas directas de transporte público entre Fisterra e Muxía con Santiago, así como a valoración que fai da duración do actual traxecto, de máis de 3 horas, e a imaxe que isto transmite do servizo aos veciños e aos viaxeiros que visitan a zona"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A oferta actual de servizos de autobús entre Fisterra ou Muxía e Santiago de Compostela facilita os desprazamentos en transporte público con frecuencias e horarios adecuados ás necesidades de mobilidade existentes no ámbito territorial que atenden as liñas.

Hai que ter presente que estes servizos atenden unha demanda que rexistra unha moi importante variación estacional, ligada principalmente á mobilidade turística vencellada ao Camiño de Santiago.

Mentres nos meses de novembro a febreiro viaxan en autobús de Fisterra a Santiago de Compostela en ambos os sentidos preto de 1.400 viaxeiros ao mes, de xuño a setembro a demanda multiplícase por oito. Do mesmo xeito, entre Muxía e Santiago de Compostela rexístranse case sete veces máis usuarios durante o verán.

Para atender a evolución das necesidades propias deste ámbito ao longo do ano, a Xunta axusta a oferta de servizos. Así, entre Fisterra e Santiago de Compostela funcionan nun día laborable medio de xuño a setembro 17 servizos ao día, 15 os sábados e 13 os domingos, catro deles de luns a venres e dous nas fins de semana, nunha liña directa sen paradas intermedias no seu itinerario.

Entre Muxía e Santiago os servizos increméntanse nos meses de verán dos 6 servizos diarios de luns a domingo ata os 10 de luns a venres e 9 os sábados e domingos, dous deles directos cada día.

Por outra banda, o servizo público de autobús interurbano configúrase tamén para atender os traxectos intermedios e as conexións doutros concellos con Santiago de Compostela, que son as relacións de tráfico que contan cunha maior demanda de carácter estable ao longo de todo o ano.

É destacable que nas liñas entre Fisterra ou Muxía e Santiago de Compostela viaxan preto de 7.000 persoas usuarias de media entre Noia e a cidade nos meses do inverno, o traxecto con máis demanda dos servizos, cinco veces máis que entre Fisterra e Santiago.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Cos servizos actuais, a cidadanía pode desprazarse entre Cee, Fisterra, Muxía e Santiago de Compostela no transporte público autonómico con servizos adecuados ás distintas necesidades e que axustan a súa configuración e capacidade ao longo do ano. Ademais, a activación de servizos directos na tempada de verán permite distribuír eficientemente o importante crecemento da demanda na bisbarra relacionada coa promoción turística da área, entre os ditos servizos directos e os que circulan por Muros e Noia para dar resposta tamén á mobilidade das poboacións intermedias.

Así e todo, o Goberno galego está sempre aberto a estudar a mellora dos servizos de transporte público por estrada de competencia autonómica, atendendo ao interese xeral e garantido un uso eficiente dos recursos dispoñibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:29:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44954
Data envío: 13/01/2026 01:29:14.162

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28557**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"a situación da Administración de xustiza en Galicia, a reclamación da ampliación da planta xudicial e outras medidas de mellora, así como respecto das competencias da Xunta de Galicia neste ámbito e das medidas que esta desenvolveu nos últimos dez anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta, no marco da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, demándalle cada ano ao Goberno central os órganos xudiciais que considera imprescindibles para atender a carga de traballo en todo o territorio.

Destas peticións, o Ministerio só atende unha pequena parte. Para compensalo, Galicia no marco das súas competencias adopta medidas de reforzo, pero é preciso dotar a comunidade de máis unidades xudiciais.

Aínda por riba, das catro novas prazas de xuíces de violencia sobre a muller aprobadas polo Goberno central para Galicia só dúas, as de Santiago e Ourense, foron de nova creación, e as outras dúas, a da Coruña e Vigo, puxéronse en marcha a costa de eliminar xulgados de instrución.

O Goberno galego amosou a súa disconformidade con esta decisión que inevitablemente afectará á capacidade de resolución de asuntos, que nas áreas da Coruña e Vigo xa se atopaban ao límite".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:29:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44953
Data envío: 13/01/2026 01:29:08,626

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28959**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e outros deputados e deputadas, sobre **"a previsión do Goberno galego de asumir a tradución ao galego do programa Atenea, garantindo o seu uso prioritario na xustiza desde a súa implantación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude en resposta á pregunta oral en Pleno número 28960, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 24 de setembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAatOGIyNGZjMTNjNjkz&start=7304](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAatOGIyNGZjMTNjNjkz&start=7304)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAatOGIyNGZjMTNjNjkz&start=7644"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAatOGIyNGZjMTNjNjkz&start=7644)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:24:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44950
Data envío: 13/01/2026 01:24:21.770

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29541**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, don Oscar Insua Lema e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as necesidades de persoal nas unidades do partido xudicial de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia no referido a un incremento dos seus cadros de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"En pleno proceso de implantación da Nova oficina Xudicial, o cadro de persoal do partido xudicial de Ourense verase incrementado en dúas prazas do corpo de tramitación procesual e administrativa con competencias en violencia sobre a muller e unha praza do mesmo corpo para reforzar a Oficina Fiscal.

O cadro de persoal do xulgado de instrución nº2 de Ourense está composto por dúas prazas do corpo de xestión, catro do corpo de tramitación e unha praza do corpo de auxilio xudicial.

Na actualidade, todo o cadro de persoal está cuberto. A última baixa que se ten producido no xulgado data de febreiro deste ano, e foi cuberta por substitución, ao tratarse dunha baixa de larga duración, no mes de marzo.

No que respecta ao servizo de garda e despacho ordinario dos asuntos no mes de xullo, a Dirección xeral de Xustiza aproba un plan de vacacións tras a correspondente negociación sindical. Nas datas aludidas non se puxo en coñecemento da Dirección xeral que existiran problemas na xestión de persoal da unidade.

De existir demoras ou paralización, é á dirección da oficina a quen lle corresponde solicitar medidas de reforzo e non constan peticións a este respecto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:23:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44944
Data envío: 13/01/2026 01:23:46,634

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29806**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha das actuacións precisas para a execución das obras de mellora das instalacións dos xulgados de Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego sacou a licitación as obras de renovación integral do sistema de impermeabilización do edificio xudicial de Lugo por un importe superior a 521.000 euros. A actuación corraxirá o deterioro da cuberta dos xulgados de Lugo, na que xa se levaron a cabo traballos de reparación urxentes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:23:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44942
Data envío: 13/01/2026 01:23:34.750

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30125**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a calidade do servizo de transporte público na comarca da Coruña, as previsións da Xunta de Galicia de cara á súa mellora e a proposta de creación dun consorcio metropolitano de transporte para esta área"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Todas as propostas presentadas polos concellos da contorna da Coruña, como os do resto de Galicia, son estudadas polo Goberno galego seguindo criterios obxectivos. E todas aquelas que é posible atender, aténdense.

O obxectivo do Goberno galego é sempre ofrecer o mellor servizo posible á cidadanía, situando ás persoas usuarias no centro das súas políticas de transporte público, en aras tamén de promover o seu uso.

No caso da comarca da Coruña, a Administración autonómica mantén reunións periódicas coas entidades locais no marco da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano nas que se aborda o funcionamento integral do servizo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:23:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44940
Data envío: 13/01/2026 01:23:22.949

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30307**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da situación actual dos centros de ensino de Arteixo, a previsión da súa actualización estrutural así como a previsión de construír un novo instituto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 34140 e debatida na Comisión 4ª Educación e Cultura, o 2 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODJhM2YzY2EtZWRI MS00NzI2LTlhY2YtZjdiZTUzNjE2Yjk3&start=6114.248>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:35:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44760
Data envío: 11/01/2026 23:35:01.868

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30479**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **"o nivel de prioridade que lle dá o Goberno galego á construción da circunvalación de Carballo, o estado de desenvolvemento do proxecto e as medidas que ten previstas para axilizar a súa primeira fase"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

O Consello da Xunta acordou o pasado 28 de xullo a aprobación provisional do proxecto de trazado da variante de Carballo, cuxa execución suporá un investimento estimado de máis de 22 M€.

O obxectivo é avanzar no desenvolvemento dunha estrada de novo trazado que serva de variante polo sureste ao núcleo urbano de Carballo. Permitirá a conexión do parque empresarial de Bértoa, a AC-552 e o enlace Carballo Leste da AG-55 coas estradas DP-1914 e AC-413, situadas ao sur e sureste de Carballo.

Así, crearase unha variante de poboación pola zona este que capte e canalice os tráfico de medio e longo percorrido do parque empresarial e a zona norte de Carballo cara Santiago de Compostela pola estrada provincial DP-1914, e cara Ordes e a N-550 empregando a AC-413, evitando deste xeito que atravesen a trama urbana de Carballo.

Con esta actuación darase un servizo máis directo ao polígono de Bértoa, que xera gran parte da actividade económica de Carballo e da súa mobilidade, ademais de evitar o tránsito de mercadorías polo centro urbano de Carballo. Isto permitirá evitar a circulación dos vehículos pesados, en concreto, na zona do instituto Alfredo Brañas, o colexio infantil e de primaria Fogar e a zona do complexo deportivo.

A intensidade media do tráfico no ano horizonte 2045 estímase que oscilará entre os 8.747 e os 11.360 vehículos/día, dependendo do treito.

As actuacións proxectadas comprenden unha estrada de novo trazado e velocidade de proxecto 80 km/h. As conexións con outras estradas resólvense a nivel mediante glorietas. A estrada estará valada e non se permitirán os accesos salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O trazado da nova estrada en planta estruturarase en dous tramos que teñen orixe e final nas interseccións a nivel previstas en forma de glorieta. En concreto, o primeiro treito, cunha lonxitude de 2,8 Km se inicia nunha nova glorieta situada na AC-413 e discorre dirección NE, finalizando na glorieta existente na AC-552. O segundo teito de novo trazado, de 0,8 Km, se inicia na DP-1914 e finaliza nunha nova glorieta na AC-413.

A lonxitude acada así algo máis de 3,6 quilómetros, cunha sección tipo xeral de 2 carrís de 3,50 metros, máis 2 beiravías de 1,5 m e bermas de 1 m.

As estruturas a desenvolver inclúen un viaduto sobre o río Anllóns de 340 m de lonxitude, dous pasos superiores sobre a variante no treito entre a AC-413 e a AC-552; un paso inferior baixo a variante no tramo entre a DP-1914 e a AC-413, de dimensións interiores 10 x 4,5 m.

Tamén se prevé un muro de contención no treito final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552, e un marco para o rego Añón, no treito entre a AC-413 e a AC-552, de dimensións interiores 6 x 3,5 m.

Con respecto ás glorietas, construíranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior de 1,5 m, beirarrúa interior de 1 m e berma de 1 m nas interseccións coa AC-413 e DP 1914.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someteu xa o proxecto de trazado a información pública, a efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia e a efectos expropiatorios, mediante anuncio publicado no DOG n.º 146 de 1 de agosto de 2025:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250801/AnuncioG0181-220725-0001_gl.html”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:23:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44939
Data envío: 13/01/2026 01:23:16.901

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30770**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as características e os prazos previstos pola Xunta de Galicia respecto da sala externa aos edificios xudiciais de atención a vítimas especialmente vulnerables que se vai crear no Concello de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A de Ferrol será a primeira sala galega de atención vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais. Será un proxecto piloto que nace coa vontade de estenderse ao resto das cidades galegas.

A nova sala contará coa dotación tecnolóxica, a infraestrutura e o mobiliario axeitados para a realización da entrevista forense".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:19:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44936
Data envío: 13/01/2026 01:19:43,423

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a posición e os motivos da Xunta respecto das súas decisións relacionadas co proxecto de ordenación e urbanización de Monte Meros e as previsións do Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"No marco da Estratexia de Vivenda da Xunta de Galicia estímase a habilitación de solo para a construción de 5.400 vivendas na área urbana da Coruña, das cales 4.310 serán protexidas e 1.080 corresponderán a vivenda libre.

Neste contexto, o pasado 29 de novembro a Xunta de Galicia licitou, por un importe de 2,6 millóns de euros, a redacción dos Proxectos de Interese Autonómico (PIA) destinados ao desenvolvemento de solo residencial para as primeiras 15.000 vivendas contempladas na Estratexia Galega de Solo Residencial. Estas actuacións localízanse nos concellos de Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, A Coruña e Arteixo.

No caso concreto da cidade da Coruña, a actuación desenvolverase finalmente no ámbito SUD-4 Monte Mero, cunha previsión de urbanización dunha superficie aproximada de 40 hectáreas, que permitirá a execución de máis de 4.000 vivendas.

Con data 20 de maio de 2025 adxudicouse a redacción do proxecto á empresa Fernández Carballada e Asociados, por un importe de 448.289,11 euros e cun prazo de execución de 15 meses.

O ámbito de Monte Mero está cualificado como solo urbanizable no Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña, polo que a posible afección das edificacións deriva directamente das determinacións do propio PXOM. En todo caso, o proceso foi obxecto de consulta e coordinación co Concello da Coruña.

Na actualidade, a elaboración do Proxecto de Interese Autonómico atópase en fase de desenvolvemento, centrada fundamentalmente na definición da ordenación. A Xunta de Galicia traballa co obxectivo de minimizar a afección, ofrecendo asesoramento e garantindo unha información clara e transparente durante todo o procedemento".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:19:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44933
Data envío: 13/01/2026 01:19:24.946

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30902**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as previsións do Goberno galego relacionadas coa necesidade de especialistas en Audición e Linguaxe no CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Ponteareas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros públicos, coas respectivas unidades educativas e postos de traballo docentes está suxeita a unha continua adaptación debido á evolución da escolarización. A consellería planifica a rede de centros públicos, as unidades educativas e o profesorado para o respectivo curso escolar, perseguindo especialmente a calidade do ensino e a axeitada atención ao alumnado.

Para determinar os postos de traballo de profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas que corresponden a un centro en atención ás unidades de catálogo, tómanse como referencia as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo dos centros públicos e tamén o que resulte da implantación do Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Ponteareas, o centro conta con todo o profesorado que lle corresponde por catálogo e con recursos extraordinarios, aplicándose as medidas derivadas do antedito Acordo de Mellora segundo corresponde".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:34:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44757
Data envío: 11/01/2026 23:34:46.050

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30914**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"os datos de que dispón o Goberno galego e as medidas que ten previstas en relación co mantemento das infraestruturas do CEIP María Pita da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, atende á modernización e mellora da rede de centros. Desde o ano 2021, desenvolvemos o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que xa suma 2.992 actuacións de modernización e eficiencia enerxética, cun investimento que supera os 331M€.

No caso da cidade da Coruña, no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, o investimento realizado ascende aos 23M€. Ademais, actualmente na cidade existen obras en execución ou comprometidas por valor duns 15M€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:34:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44754
Data envío: 11/01/2026 23:34:28.773

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31531**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a burocracia nos centros educativos, as medidas para a súa simplificación e a racionalización das tarefas do profesorado co fin de optimizar o seu labor docente"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"Desde o curso 2025/26 está en desenvolvemento o plan para a redución da burocracia nos centros educativos, co que se dá cumprimento a un dos puntos pactados no Acordo de mellora educativa asinado coas organizacións sindicais CCOO, ANPE e UXT.

A Xunta de Galicia atende unha das demandas do profesorado en toda España, reducindo os tempos, os trámites e a carga de traballo administrativo en beneficio do alumnado e das tarefas de índole académica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:34:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44751
Data envío: 11/01/2026 23:34:11.257

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31842**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"as condicións laborais dos profesionais e dos profesionais do servizo de asistencia xurídica gratuíta, o seu dereito á folga e a finalización da vixencia do acordo entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se indicou noutras ocasións, o recoñecemento do dereito de folga dos profesionais da quenda de oficio non lle corresponde á Xunta de Galicia, por canto non ten cabida no ámbito das súas competencias e porque non existe disposición legal algunha que ampare o pretendido dereito, nin resolución xudicial ditada polo órgano competente da xurisdición social que o recoñeza.

Segundo os datos remitidos pola Amtega, a folga supuxo a suspensión de 1.354 actuacións.

O 9 de novembro de 2023, a Dirección xeral de Xustiza recibiu un escrito, asinado pola Secretaria Xeral do Sindicato VENIA ADVOCATORUM UNIO (VENIA), no se que comunicaba que a folga comezaría o 21 de novembro con carácter indefinido.

A Xunta de Galicia está negociando o novo acordo co Consello da Avogacía Galega e debe terse en conta que o acordo actual foi obxecto de melloras, de introdución de novos conceptos e que acolleu unha simplificación da tramitación das certificacións dos profesionais, precisamente para garantir a prestación deste servizo público tan esencial como necesario.

Indicar tamén que a Xunta de Galicia cumpre co disposto no artigo 45 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño, e así a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de xaneiro de 2025 no que se fixa nun 8% a cantidade para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:19:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44930
Data envío: 13/01/2026 01:19:07,335

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32390**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as decisións tomadas pola Xunta de Galicia respecto do proxecto de adxudicación de parcelas de Xuxán, o papel da xestora, o uso de fondos públicos e a protección das persoas cooperativistas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que dá lugar á pregunta xa foi contestada de maneira oral (POC 31803) polo Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo o pasado 11 de setembro de 2025 na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e servizos, ao seu dispor na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
W1nvvgjsLtUUQ5a4s5NYw5LAREccR3UQsEbGEknOQC8VfsLUg](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/W1nvvgjsLtUUQ5a4s5NYw5LAREccR3UQsEbGEknOQC8VfsLUg)

Ao respecto cómpre reiterar que a actuación da Xunta de Galicia no caso da cooperativa Galivivienda foi correcta, cumprindo con total dilixencia e transparencia todas as obrigas que lle correspondían neste procedemento.

Como actualización da exposición realizada polo Secretario Xeral de Vivenda e Solo en Comisión, cómpre indicar que o Consello da Xunta do pasado 29 de decembro aprobou a concesión dunha axuda directa á cooperativa Galivivienda por importe de 10,7M€ para garantir a viabilidade do proxecto para construción de vivenda protexida en Xuxán, no concello da Coruña.

Esta actuación permitirá asegurar a edificación dos catro inmobles con 224 vivendas que se ofrecerán en réxime de alugueiro accesible.

A medida responde á necesidade de asegurar o proxecto ante a incerteza derivada do financiamento a través do ICO e a posible non disposición da axuda europea, de modo que os fogares previstos queden protexidos e accesibles para as familias.

Os requisitos para a concesión da axuda inclúen que non se prorroguen os prazos de finalización das obras do programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) nin se aprobe polo Estado un financiamento específico para estas obras. Deste xeito, en ningún caso, poderán percibirse acumulativamente con estas axudas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Así mesmo, outro requisito é que se asine antes do 31 de agosto de 2026 o préstamo co ICO que garanta a viabilidade da promoción, debendo acreditar ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a subscrición do dito préstamo e que Galivivenda ofrezca aos cooperativistas que se deron de baixa á posibilidade de reincorporación.

Dado que Galivivenda leva case dous anos intentando obter este financiamento e ante a imposibilidade de garantir a continuación do financiamento estatal ou europeo tras xuño de 2026, a axuda directa da Xunta busca garantir que os 224 fogares previstos poidan construírse e accederse en alugueiro. Deste xeito, protexeráse tanto a inversión realizada polos cooperativistas como a súa posibilidade de acceder a vivenda protexida.

Como antecedentes, indicar que a Xunta puxo a disposición da cooperativa solo público en condicións altamente vantaxosas, cun canon simbólico, e concedeu máis de 10 millóns de euros en axudas procedentes dos fondos europeos, asegurando así o marco necesario para desenvolver as 224 vivendas protexidas previstas. Ademais, mantivo sempre unha posición firme en defensa dos cooperativistas, rexeitando as condicións de financiamento impostas polo ICO que desvirtuaban o carácter social do proxecto e facían inviable o acceso ás vivendas.

Cómpre destacar tamén a implicación constante da Xunta, que exerceu unha mediación activa ante o Ministerio de Vivenda e o propio ICO, esixindo solucións e reclamando certezas sobre a prórroga dos fondos europeos vencellados a estas promocións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:33:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44748
Data envío: 11/01/2026 23:33:50.164

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32593**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a eficiencia no funcionamento do Grupos de Emerxencia Supramunicipais, os criterios de reparto do seu material e a previsión da Xunta de Galicia de ampliar o número destes servizos no territorio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Aínda que sempre hai marxe de mellora, os Grupos de Emerxencias Supramunicipais están a desenvolver unha labor importante, moi ben valorada pola sociedade e pola propia Administración autonómica.

O criterio de distribución de medios e recursos en materia de emerxencias responde a parámetros obxectivos e contrastables, fundamentados en análises técnicas, na dispoñibilidade de efectivos e na realidade territorial.

A prestación do servizo de protección civil e a xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, corresponde ás administracións locais. Pese a non ter competencias a este respecto, a Xunta de Galicia asume máis da metade do financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal, aos que ademais lle facilita material e asume o custo da formación do persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:12:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44927
Data envío: 13/01/2026 01:12:16.806

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32642**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia do caos ferroviario ocasionado por mor da vaga de lumes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 32643, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 24 de setembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAAtOGIyNGZjMTNjNjkz&start=2224>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAAtOGIyNGZjMTNjNjkz&start=2549>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:12:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44925
Data envío: 13/01/2026 01:12:04.356

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32748**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López, don Paulo Ríos Santomé e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a problemática da liña metropolitana Carballo-A Coruña, a igualdade no acceso, a eficacia do servizo e posibles medidas de reforzo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A conexión entre Carballo e A Coruña dispón na actualidade dunha oferta ampla e equilibrada entre frecuencias directas e con paradas intermedias. Así, de luns a venres non festivos existen 24 expedicións no sentido Carballo–A Coruña, das cales 11 son directas, é dicir, case a metade do total. No sentido inverso, A Coruña–Carballo, chegan a ofrecerse 29 expedicións ao día. Durante a fin de semana hai 15 expedicións en cada sentido.

O actual deseño garante non só as conexións directas entre Carballo e a capital provincial, senón tamén a cohesión da Costa da Morte. En todo caso, o Goberno Galego está sempre disposto a analizar todas as propostas que redunden nunha mellora do servizo. De feito, desde o 6 de outubro, a liña de autobús que conecta Fisterra coa Coruña conta con autobuses de máis capacidade, dando así resposta as necesidades trasladadas polos usuarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44924
Data envío: 13/01/2026 01:11:58,776

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33047**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"os motivos das rescisións de contratos producidas no Servizo de Transporte Público de Galicia, as sancións impostas ás empresas concesionarias incumplidoras e a situación en que estas quedan ante novas licitacións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta aposta pola mellora continua do autobús interurbano para ofrecer un servizo público eficiente e eficaz para atender as necesidades de mobilidade das persoas usuarias nas mellores condicións.

Nese traballo de revisión continua, a Xunta estuda todas as medidas que sexan adecuadas para adoptar as decisións que correspondan, atendendo ao interese xeral.

As concesións do Plan de Transporte Público de Galicia contan en xeral con marxe para atender novas necesidades, o cal deu lugar a múltiples melloras da oferta de servizos en toda a comunidade ao longo dos últimos anos.

Con todo, tamén cabe ter en conta as circunstancias sociais e económicas que afectaron ao transporte público desde a licitación das concesións do Plan de Transporte Público de Galicia, que afectaron tanto á evolución da demanda do autobús interurbano como aos custes para as empresas concesionarias.

Neste contexto, a Xunta non vai deixar de atender as necesidades de mobilidade da cidadanía, aínda que supoña actualizar algún contrato de autobús.

No caso dos contratos resoltos por mutuo acordo, os contratistas solicitaron un procedemento para o restablecemento do económico financeiro ou, alternativamente, a resolución dos ditos contratos.

Cabe ter en conta que a resolución de contratos por mutuo acordo debe cumprir dúas condicións: que non existan causas de resolución imputables ao contratista e que existan razóns de interese público e circunstancias obxectivas na execución do contrato que fagan inconveniente a súa permanencia.

Así, na tramitación das solicitudes tívose en conta que a desviación das previsións de demanda recollidas nos estudos da Administración ou nos estudos que puidesen realizar os concesionarios non impide a execución dos contratos nin en ningún caso

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



existiron incumprimentos substanciais das obrigas contractuais por dolo ou culpa dos adxudicatarios, os cales supoñerían a resolución dos contratos atendendo ao establecido na normativa da contratación pública e nos pregos das concesións do PTPG.

Non obstante, observáronse situacións de interese público para proceder a unha resolución por mutuo acordo. As novas licitacións dos contratos son unha oportunidade para axustar os servizos ás demandas e circunstancias actuais, mesmo ao acordo do Parlamento de Galicia referido ao contrato XG847, así como implantar novas melloras que cumbran os compromisos do Goberno galego.

Neste momento non existen situacións que limiten a participación de ningunha empresa nas novas licitacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44923
Data envío: 13/01/2026 01:11:53.030

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33171**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"as características e os prazos do proxecto da Xunta de Galicia para a construción de vivendas públicas no barrio dos Rosais e outras dúas rúas da Coruña logo do convenio co Concello para a cesión de parcelas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta segue a traballar para acadar o reto de duplicar o parque público de vivenda nesta lexislatura. O obxectivo é ter en 2028, 4.000 máis, e xa hai máis 3.000 en diferentes fases de execución, poñendo en marcha nesta anualidade as 1.000 restantes.

O Goberno galego asinou o pasado 19 de xuño de 2025 co Concello da Coruña un acordo mediante o cal este Concello cede 4 parcelas á Xunta de Galicia, nas que se poderán construír un cento de vivendas públicas, cun investimento autonómico previsto de 19M€.

A sociedade de vivenda da Xunta de Galicia, Vipugal, publicou no perfil do contratante o pasado xuño a licitación da redacción dos proxectos das 58 VPP previstas na parcela dos Rosais; das 11 en Rei Abdullah, preto da praza Porticada; e a licitación para 30 máis nas dúas parcelas de Pedro Fernández.

Xa están adxudicados os proxectos de Praza Porticada (11 vivendas), Rosais (58 VPP) e Pedro Fernández. Os proxectistas contan cun prazo de 5 meses para a redacción, paso previo á licitación de obra.

O Goberno galego, ademais de construír vivenda en solos de titularidade autonómica, está a avanzar cara á construción de fogares en parcelas de titularidade municipal grazas a colaboración de múltiples concellos interesados como foi o caso na Coruña, Teo, A Estrada, Lalín, Lugo, Pontevedra, Ames, Vilagarcía, Mos, Carballo, Narón, Bueu, Arteixo, Culleredo e San Cibrao das Viñas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:26:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44747
Data envío: 11/01/2026 23:26:26.593

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33458**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e outras deputadas e deputados, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora da situación profesional e laboral do profesorado dos centros de ensino públicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia durante a comparecencia con número 33965 debatida o 23 de setembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas. Nela abórdanse as distintas cuestións que se formulan na iniciativa, a maior parte delas, relativas ao desenvolvemento e aplicación das medidas de recollidas no Acordo de mellora educativa asinado coas organizacións sindicais CCOO, ANPE e UXT.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDE5NjhkZDktYzY5S000WE5LWJhZDktNzU1YjllYTQyM2U0&start=8218>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:26:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44744
Data envío: 11/01/2026 23:26:10.318

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33477**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e outras deputadas e deputados, sobre **"a dotación docente dos centros de ensino ante as necesidades de atención educativa ao alumnado, especialmente no referido ao alumnado vulnerable e con necesidades especiais de apoio nas aulas, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia durante a comparecencia con número 33965 debatida o 23 de setembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

Nela abórdanse as distintas cuestións que se formulan na iniciativa, relativas á atención á diversidade. Destácanse os incrementos nos recursos, tanto docentes como non docentes; e o desenvolvemento de plans e protocolos específicos para mellorar a atención do alumnado que o necesite. Ademais, abórdase a recente aprobación da Estratexia Galega de Inclusión Educativa, con accións para seguir reforzando estas liñas de traballo.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDE5NjhkZDktYzY5YS00OWE5LWJhZDktNzU1YjllYTQyM2U0&start=8218>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:25:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44742
Data envío: 11/01/2026 23:25:58,190

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33484**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e outras deputadas e deputados, sobre **"a situación dos servizos complementarios do sistema educativo que dependen da Xunta de Galicia e as previsións que ten no que atinxe á súa regulación, á progresiva universalización e ao modelo de xestión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 1945 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 12 de xuño de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2QxOTJjZjMtYTQwOC00ZWrmLTgyNmEtNGI5Y2EzMDFmZTQ5&start=6440>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:25:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44741
Data envío: 11/01/2026 23:25:52.571

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33651**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que motiva a pregunta xa foi contestada o pasado 26 de xuño de 2025 pola Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas en Sesión Plenaria en resposta á Pregunta Oral 16949, á que nos remitimos para outorgarlles contexto e que pomos ao seu dispor na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcFsLZu9kA5W09P1aSex](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcFsLZu9kA5W09P1aSex)

Como actualización do antedito, cómpre indicar que o pasado 7 de xaneiro xa se licitou a prolongación da autovía da Costa da Morte con 5,8 novos quilómetros de vía de alta capacidade libres de peaxes.

O Goberno galego ven de presentar, así, o proxecto de obra do novo tramo, comprendido entre Santa Irena (Vimianzo) e a estrada AC-432, que comunica este concello con Camariñas. Unhas obras que está previsto que comecen este próximo verán.

O Goberno galego investirá 36,3 M€ para este novo treito que estará limitado a 100 km/h.

As obras resultan de gran complexidade técnica, xa que inclúen a construción de dous enlaces e a previsión dun terceiro; tres viadutos; seis pasos superiores; tres pasos inferiores; e seis obras de drenaxe.

A estrutura máis singular será o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá o cruzamento da vía sobre esta contorna e que terá preto de 250 metros de lonxitude.

Todas estas actuacións permitirán conectar mellor a zona, reducir os tempos dos usuarios e seguir proporcionando comodidade e seguridade.

Coa obra a Xunta quere darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte que se puxo en funcionamento no 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irena.

Esta actuación enmárcase na aposta da Xunta de Galicia por contar con infraestruturas máis sostibles, máis seguras e máis cómodas para os usuarios".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44920
Data envío: 13/01/2026 01:11:34.845

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33653**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

O Consello da Xunta acordou o pasado 28 de xullo a aprobación provisional do proxecto de trazado da variante de Carballo, cuxa execución suporá un investimento estimado de máis de 22 M€.

O obxectivo é avanzar no desenvolvemento dunha estrada de novo trazado que sirva de variante polo sureste ao núcleo urbano de Carballo. Permitirá a conexión do parque empresarial de Bértoa, a AC-552 e o enlace Carballo Leste da AG-55 coas estradas DP-1914 e AC-413, situadas ao sur e sureste de Carballo.

Así, crearase unha variante de poboación pola zona este que capte e canalice os tráfico de medio e longo percorrido do parque empresarial e a zona norte de Carballo cara Santiago de Compostela pola estrada provincial DP-1914, e cara Ordes e a N-550 empregando a AC-413, evitando deste xeito que atravesen a trama urbana de Carballo.

Con esta actuación darase un servizo máis directo ao polígono de Bértoa, que xera gran parte da actividade económica de Carballo e da súa mobilidade, ademais de evitar o tránsito de mercadorías polo centro urbano de Carballo. Isto permitirá evitar a circulación dos vehículos pesados, en concreto, na zona do instituto Alfredo Brañas, o colexio infantil e de primaria Fogar e a zona do complexo deportivo.

A intensidade media do tráfico no ano horizonte 2045 estímase que oscilará entre os 8.747 e os 11.360 vehículos/día, dependendo do treito.

As actuacións proxectadas comprenden unha estrada de novo trazado e velocidade de proxecto 80 km/h. As conexións con outras estradas resólvense a nivel mediante glorietas. A estrada estará valada e non se permitirán os accesos salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O trazado da nova estrada en planta estruturarase en dous tramos que teñen orixe e final nas interseccións a nivel previstas en forma de glorieta. En concreto, o primeiro treito, cunha lonxitude de 2,8 Km se inicia nunha nova glorieta situada na AC-413 e discorre dirección NE, finalizando na glorieta existente na AC-552. O segundo teito de novo trazado, de 0,8 Km, se inicia na DP-1914 e finaliza nunha nova glorieta na AC-413.

A lonxitude acada así algo máis de 3,6 quilómetros, cunha sección tipo xeral de 2 carrís de 3,50 metros, máis 2 beiravías de 1,5 m e bermas de 1 m.

As estruturas a desenvolver inclúen un viaduto sobre o río Anllóns de 340 m de lonxitude, dous pasos superiores sobre a variante no treito entre a AC-413 e a AC-552; un paso inferior baixo a variante no tramo entre a DP-1914 e a AC-413, de dimensións interiores 10 x 4,5 m.

Tamén se prevé un muro de contención no treito final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552, e un marco para o rego Añón, no treito entre a AC-413 e a AC-552, de dimensións interiores 6 x 3,5 m.

Con respecto ás glorietas, construíranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior de 1,5 m, beirarrúa interior de 1 m e berma de 1 m nas interseccións coa AC-413 e DP 1914.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someteu xa o proxecto de trazado a información pública, a efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia e a efectos expropiatorios, mediante anuncio publicado no DOG n.º 146 de 1 de agosto de 2025:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250801/AnuncioG0181-220725-0001_gl.html”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44919
Data envío: 13/01/2026 01:11:28.982

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33671**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, dona Iria Taibo Corsanego e don Daniel Castro García, sobre **"a aplicación no presente curso escolar do Plan de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está desenvolvendo o programa galego de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro, unha iniciativa destinada a favorecer a inclusión efectiva do alumnado procedente doutros países.

Precisamente, hai uns días, no Parlamento de Galicia trasladouse que, este curso, se porá en marcha un proxecto de inclusión cultural, recollido no programa, para promover a inclusión a través do coñecemento das diversas tradicións, valores e prácticas da cultura galega".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:23:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44739
Data envío: 11/01/2026 23:23:30,940

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33811**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a pretensión do Goberno central de reclamar á Xunta de Galicia compensacións económicas polo corte da liña férrea durante a vaga de incendios de agosto de 2025 na nosa comunidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 32643, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 24 de setembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGlyNGZjMTNjNjkz&start=2224](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGlyNGZjMTNjNjkz&start=2224)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGlyNGZjMTNjNjkz&start=2549"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFfINGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGlyNGZjMTNjNjkz&start=2549)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:11:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44918
Data envío: 13/01/2026 01:11:23.502

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 33932**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as demandas das ANPA dos centros de ensino da Costa da Morte relativas á dotación de profesorado neste curso 2025-2026, o número de docentes especialistas en Muxía e Cee e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33934 e debatida na Comisión 4ª, Educación Cultura, o 12 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNlYTAzMDI3YjUz&start=4562.623>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:23:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44734
Data envío: 11/01/2026 23:23:01.902

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34106**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"a cooperación coa Administración local na loita contra a violencia de xénero, o estado no que está a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación interinstitucional, así como sobre o labor de prevención efectuado e o que está previsto respecto desta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A transversalidade na loita contra a violencia de xénero lévanos a colaborar cos que están máis preto das vítimas: os concellos e entidades do terceiro sector.

No caso dos concellos, contamos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero. É no marco da que se teñen constituído as mesas locais de coordinación. O seu número duplicouse nos últimos oito anos, pasando de 64 a 112 actuais. Máis da metade dos concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162.

Outro dos recursos públicos de proximidade son os Centros de Información á Muller (CIM) que ademais de sensibilizar e prestar asesoramento, axudan a detectar moitos casos que pasan inadvertidos. Actualmente estamos a desenvolver o Plan integral de actuación para o seu impulso.

Dentro das funcións do persoal dos centros de crise 24 horas está a sensibilización e a formación en materia de violencia de xénero.

Ademais, a Xunta financia outra serie de programas no eido educativo, como: o programa *"O machismo é violencia, con todas as letras"*, un proxecto pioneiro que leva o relato das vítimas de violencia de xénero ás aulas, e que tivo unha excelente acollida por parte de profesores e alumnos. Un programa impartido en 33 centros de 3º e 4º da ESO, chegando a máis de 2.000 mozos e mozas.

Ou o plan Proxecta para a promoción da igualdade e prevención violencia de xénero e violencia sexual nos centros de primaria e infantil.

No ámbito da igualdade, destacan: Os centros Quérote+, con obradoiros de prevención de violencia de xénero, bo trato, sexualidade, benestar emocional e diversidade sexual.

Os programas de apoios para concellos e ANPAS para accións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45838
Data envío: 15/01/2026 15:59:35.605

E puxemos en marcha as áreas de sensibilización e puntos lila e arco da vella nos festivais de música do verán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:59:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45838
Data envío: 15/01/2026 15:59:35.605

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34108**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión que ten o Goberno galego respecto da negociación co Ministerio do Interior para renovar o convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego fixo o pasado mes de febreiro unha contraproposta á modificación das condicións que unilateralmente pretende introducir o Ministerio do Interior para renovar o convenio que rexe o mantemento da UPA e que o Goberno central se comprometeu a estudar, sen que ata o momento trasladara ningunha valoración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45836
Data envío: 15/01/2026 15:59:23.157

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:59:22

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34200**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recomendación da Valedoría do Pobo verbo do procedemento de declaración de discapacidade no caso das vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con respecto á valoración da discapacidade a vítimas de violencia de xénero, indicar que xa teñen preferencia na valoración.

O artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece:

"Artigo 16. Orde de prelación na tramitación dos procedementos

1. Os procedementos inicianse por orde de entrada. Cando o órgano da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente motivadas, poderá alterar esta orde.

2. Non obstante o disposto no punto anterior daráselles prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas:

Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45829
Data envío: 15/01/2026 15:51:31.618

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:31

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34202**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos PEF tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os PEF traballan baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

En canto aos profesionais que traballan nos PEF, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca do Barbanza.

O Goberno galego iniciou, polo tanto, nesta comarca de Barbanza, a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, consciente de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45827
Data envío: 15/01/2026 15:51:20.095

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:19

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34204**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego e dunha actualización da súa normativa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Centros de Información á Muller (CIMS) son uns servizos que dan servizo a preto de 200 concellos en Galicia e que atenden de media cada ano a 17.500 mulleres. Trátase de recursos imprescindibles para ofrecer unha atención e apoio de calidade a calquera muller que o precise, garantindo a proximidade e a rápida actuación.

É importante lembrar que o Goberno galego puxo en marcha o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIMS que permite coñecer a realidade deste servizo e blindar a súa atención. Así mesmo, o Executivo galego destinou no ano 2025 6,5 millóns de euros para a mellora destes recursos, un 30% máis que o ano anterior.

Co obxecto de seguir redobrando os esforzos no rural e nos máis novos, a Xunta de Galicia vai ampliar a rede con catro CIMS móbiles que percorreren os concellos máis pequenos e despoboados e que estarán, a súa vez, presentes nos sete campus universitarios galegos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45825
Data envío: 15/01/2026 15:51:07,936

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 15:51:07

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

Data envío: 15/01/2026 14:25:49.473

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34698**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"os problemas co transporte escolar na Costa da Morte e as competencias e medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir este servizo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Plan de Transporte Público de Galicia é un proxecto vivo, dinámico e en continua adaptación ás necesidades reais da cidadanía. O seu deseño permite introducir modificacións e melloras en función das demandas que trasladan as persoas usuarias, os concellos e outros axentes sociais, co obxectivo de garantir un servizo público cada vez máis eficiente, accesible e axustado ás circunstancias de cada territorio.

Neste marco, a Xunta de Galicia mantén unha interlocución constante coas administracións locais e coa cidadanía para identificar oportunidades de mellora e implantalas de maneira áxil, garantindo sempre o equilibrio entre o interese xeral e o uso eficiente dos recursos públicos.

Un exemplo concreto desta política de mellora continua é a modificación da liña XG811010 Camariñas–Santiago, coa que se deu resposta ás necesidades de mobilidade do alumnado do IES Terra de Soneira, en Vimianzo, que reside en Camariñas.

A actuación permitiu incorporar unha nova parada no propio centro educativo e unificar nun único servizo as expedicións que ata ese momento se realizaban por separado, mellorando así a coordinación de horarios e optimizando o uso dos vehículos dispoñibles.

Desde o 13 de outubro, a expedición con saída de Camariñas ás 08:00 horas realiza parada no IES Terra de Soneira arredor das 08:20 horas, o que facilita o acceso do alumnado ás aulas no horario lectivo. Na volta, o servizo con saída de Santiago ás 13:00 horas pasa polo instituto ás 14:40 horas, regresando a Camariñas en torno ás 15:10 horas. Esta modificación supón unha mellora substancial respecto da situación anterior e responde ás demandas trasladadas polas familias e polos concellos da comarca.

Salientar tamén que o Plan de Transporte Público de Galicia prevé a posibilidade de incorporar Servizos de Interese Municipal (SIMU), impulsados polos concellos en exercicio das súas competencias en materia de mobilidade de ámbito local.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A través destes convenios de colaboración, os servizos promovidos polos concellos intégranse nas concesións autonómicas de transporte público, permitindo reforzar a oferta existente ou crear novas conexións de interese municipal. A Xunta aplica nestes servizos o mesmo sistema tarifario do conxunto da rede autonómica, incluídas as bonificacións da Tarxeta Xente Nova, +65 e recorrencia, mentres que os concellos asumen o custo do déficit de explotación derivado da súa posta en marcha”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:53:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45559
Data envío: 14/01/2026 14:53:03,572

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34814**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para garantir prazas suficientes no transporte metropolitano en Ferrolterra e para resolver os problemas derivados no acceso ao traballo, sanidade e educación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de titularidade da Xunta de Galicia ofrece unha alternativa de mobilidade adecuada ás necesidades da cidadanía da área metropolitana de Ferrol, por frecuencias e capacidade do servizo.

Na área de transporte metropolitano de Ferrol funcionan na actualidade máis de 220 liñas de autobús, que atenden unha rede de máis de 900 paradas na área e prestan máis de 240.000 servizos ao ano.

Así, nun día laborable medio de luns a venres, na ATM Ferrol funcionan uns 850 servizos que conectan os concellos da área. Ademais, entre esta oferta de servizos, as concesións autonómicas de autobús prestan servizos de transporte no ámbito urbano de Ferrol, configurados para adaptarse ás necesidades e características da mobilidade urbana.

Do mesmo xeito que no conxunto da comunidade, a Xunta leva a cabo un seguimento continuo sobre o funcionamento do servizo e as necesidades que poidan xurdir, para garantir un transporte público de calidade ás persoas usuarias.

Hai que ter en conta o crecemento da demanda de transporte público rexistrado nos últimos anos na área de transporte metropolitano de Ferrol, que inflúe na evolución das necesidades que atende o autobús de competencia autonómica. En 2024 viaxaron na ATM de Ferrol máis de 3 millóns de usuarios, un 25% máis que en 2022, e ata agosto deste ano os viaxeiros incrementáronse outro 6% con respecto ao mesmo período do ano pasado.

O servizo conta, con carácter xeral, con capacidade para atender a todas as persoas usuarias. Ademais, a Xunta actúa para analizar as incidencias e achegar solucións nos casos nos que o indicado aumento da demanda poida tensionar a dispoñibilidade de prazas nalgún servizo en momentos de maior ocupación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Xunta ten abordado cos operadores as circunstancias e as posibilidades para garantir a atención de toda a demanda, instándoos a realizar unha adecuada previsión dos medios necesarios para atender a todos os usuarios. Ao tempo, tamén se estudan os axustes que poidan ser precisos para optimizar a oferta e ofrecer solucións estables ás necesidades que van xurdindo, dentro da marxe que existe nas concesións de autobús do Plan de transporte público de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:52:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45557
Data envío: 14/01/2026 14:52:50.440

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34934**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"plans, campañas, colaboracións e medidas do Goberno galego para promover o deporte feminino, garantir a igualdade e aumentar visibilidade e información das competicións femininas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O impulso da participación da muller no deporte, así como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, son elementos vertebradores dos principios e políticas públicas de actuación deportiva en Galicia, seguindo neste punto o establecido nos artigos 3.d) e 5.3 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

O desenvolvemento de actuacións, programas e campañas específicas a favor e na promoción da igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos deportivos son eixe das políticas da Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:52:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45555
Data envío: 14/01/2026 14:52:32.605

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34941**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"se a Lei 3/2012 do deporte de Galicia cumpre os novos criterios de igualdade e se o Goberno galego prevé actualizala"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei do deporte de Galicia recoñece o dereito dos cidadáns a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática. Galicia tamén conta cunha Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, cun artigo para o deporte".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:49:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:49:09
Nº Rexistro: 45399
Data envío: 14/01/2026 09:49:09.058

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34945**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as condicións laborais da quenda de oficio dos letrados, así como as negociacións, novos baremos, pago de actuacións, espazos de traballo en xulgados e campañas informativas sobre asistencia xurídica gratuíta"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Pese a ter limitada a competencia autonómica, o Goberno galego financia a asistencia xurídica gratuíta en favor de persoas sen recursos suficientes mediante compensacións a través dos colexios profesionais e reserva para este fin 18,5 millóns de euros nos orzamentos de 2026".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:48:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:48:54
Nº Rexistro: 45397
Data envío: 14/01/2026 09:48:54.463

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34976**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Roberto Rodríguez Martínez e outros/as deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da negativa estatal de rescatar a AP-9 pese ao ditame europeo que cuestiona as prórrogas e con recursos xa asignados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno do Estado vén de desaproveitar a oportunidade de avanzar cara ao RESCATE da concesión da autoestrada e a ELIMINACIÓN das peaxes.

En lugar de aplicar a resolución da Comisión, optou por contestar in extremis dilatar o seu posicionamento e iniciar novas negociacións.

Galicia non vai conformarse con menos que non sexa o rescate e a consecuente supresión das peaxes.

O pasado 17 de xullo 25, soubemos pola prensa que a Comisión Europea xa tiña o ditame motivado no que se certifica que se incumpriron as normas europeas nas ampliacións da concesión.

O Goberno do Estado, coa súa resposta opaca ao ditame da Comisión, que coñecemos de novo polos medios de comunicación este 17 de setembro, soamente amosa falta de valentía.

Galicia non se conformará e solicitamos xa por carta remitida este 18 de setembro de 2025 coñecer con carácter inmediato o expediente e a contestación remitida á Unión Europea. De non terse acceso á documentación, non descartamos facelo a través da vía xudicial.

Do mesmo xeito, dirixímonos á defensora do pobo da UE para trasladarlle preocupación, pedir unha citapresencial e mediación ante este exercicio de nula calidade democrática.

Tamén Galicia está a liderar accións conxuntas para reclamar a liberalización das peaxes coas comunidades de Asturias e Castela León que, no seu caso, afectan á AP-66."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:25:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45773
Data envío: 15/01/2026 14:25:38.138

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34993**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de crear un Banco Público de Aluguer, razóns no caso da súa negativa e a súa disposición para comprometer recursos orzamentarios que impulsen o alugueiro social"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Na actualidade, a Xunta de Galicia ten en funcionamento o programa Fogar Vivo, regulado pola Resolución do 3 de xullo de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia número 131, do 10 de xullo.

Este programa ten como finalidade favorecer a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do alugueiro a prezo regulado, mediante a concesión de axudas dirixidas ás persoas propietarias para a adecuación e reparación dos inmobles, así como para a contratación de seguros de impago de rendas e de multirrisco do fogar.

Trátase dun instrumento que beneficia tanto ás persoas inquilinas, ao garantir prezos regulados, como ás persoas propietarias, ao ofrecer incentivos económicos e maior seguridade no arrendamento.

Deste xeito, a Xunta de Galicia desenvolve un programa propio de mobilización de vivendas baleiras co obxectivo de incrementar a oferta de alugueiro accesible, incentivando a rehabilitación dos inmobles e facilitando a súa posta no mercado, ao tempo que se apoia ás persoas propietarias na cobertura dos riscos asociados ao arrendamento.

Con independencia doutras iniciativas que poida impulsar o Goberno do Estado no ámbito da seguridade xurídica no mercado do alugueiro, a Xunta de Galicia xa está a actuar mediante unha política de carácter incentivador e non intervencionista, orientada a mobilizar vivendas baleiras e a favorecer o acceso ao alugueiro, especialmente no caso das persoas mozas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:22:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44729
Data envío: 11/01/2026 23:22:33,133

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34996**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"as garantías que a Xunta de Galicia ofrece ás persoas propietarias que poñen as súas vivendas no mercado de alugueiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2025 o programa Fogar Vivo, regulado pola Resolución do 3 de xullo de 2025 (DOG núm. 131, do 10 de xullo), que terá continuidade no presente exercicio. O seu obxectivo é facilitar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do alugueiro a prezo regulado, mediante axudas dirixidas aos propietarios.

O programa contempla subvencións para a adecuación e reparación das vivendas, así como para a contratación de seguros de impago de rendas e de multirrisco do fogar, cun límite máximo de 16.000 euros por vivenda, incluíndo unha axuda adicional de 2.000 euros nos casos de alugueiro a mozos, familias con menores ou persoas dependentes ao seu cargo.

Estas axudas complétanse con incentivos fiscais vixentes desde xaneiro de 2025, que inclúen deducións do 15 % dos gastos necesarios para poñer a vivenda en alugueiro, cunha base máxima de 9.000 euros, así como unha dedución adicional de 500 euros no primeiro exercicio de arrendamento.

Mediante o programa Fogar Vivo, a Xunta de Galicia impulsa a mobilización de vivendas baleiras e favorece o acceso ao alugueiro a prezo regulado, ofrecendo garantías e incentivos aos propietarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:22:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44727
Data envío: 11/01/2026 23:22:22.257

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35005**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, dona Olalla Rodil Fernández e don Daniel Castro García, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir que a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo continúe como centro autónomo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 35006 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia, o 5 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTY5ZWnkZDctOTA0MC00ZGU0LThkZWQtYTJmOTk5Mjk2NjIz&start=5147.703>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:22:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44726
Data envío: 11/01/2026 23:22:16.341

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35015**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"as solicitudes de permisos a ADIF e requirimentos recibidos, nomeadamente o de "AsBo", así como as demoras nas obras da vía AC-840 no seu paso por Oza dos Ríos e as medidas da Xunta de Galicia para mellorar a súa seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A obra está adxudicada dende a primavera do ano 2024, pero debido a numerosos atrancos na obtención da autorización de ADIF sufriu unha importante dilación na súa execución que, sen dúbida, prexudicou á Xunta de Galicia pero, sobre todo e especialmente aos veciños de Oza – Cesuras.

Unha vez obtida a autorización e tras ter que suspender o contrato durante meses, retomouse a súa execución e con data 09.12.25 aprobouse a prórroga do contrato. Prevese que a obra finalice con data 30.06.2026. O porcentaxe de execución actual é do 56,26 %.

O obxecto do proxecto é habilitar un paso seguro para peóns e ciclistas non deportivos no P.Q. 8+280 da estrada AC-840, diferenciado dos carrís de circulación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:48:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:48:29
Nº Rexistro: 45395
Data envío: 14/01/2026 09:48:29.581

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35025**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo, así como a súa inspección urbanística e prazos para concluír a restitución polos movementos de terras denunciados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A tramitación do expediente de reposición da Legalidade urbanística atópase en fase de execución forzosa e conta cunha primeira multa coercitiva imposta aos promotores da actuación o 26/03/2025.

A inspección urbanística para a comprobación "in situ" da reposición da Legalidade urbanística tivo lugar o 31/07/2025.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística seguirá a impoñer as correspondentes multas coercitivas, en tanto en cuanto non se dea cumprimento, polo suxeito obrigado, ao disposto na resolución ditada o 19/04/2022 ou ao definido no proxecto que obtivo a correspondente licenza, segundo así o establece o artigo 156.2 da lei 272016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44725
Data envío: 11/01/2026 23:22:09.944

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:22:09

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35094**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros/as deputados e deputadas, sobre **"os eixos nos que traballa a Xunta de Galicia para ampliar a oferta de vivenda protexida en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que motiva a pregunta, en toda a súa xeneralidade, foi abordada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas con motivo da súa comparecencia (39184) en pleno do pasado 2 de decembro, da que se achega ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/KuK6htpXAEjxkL95cR8BIiRan0hU0lKKjMtP1BOyc59vtLS>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:25:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45772
Data envío: 15/01/2026 14:25:32.307

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35101**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a negociación dun novo convenio da asistencia xurídica gratuíta, insuficiencias do actual, aumento de dotación para o 2026, simplificación de procedementos e o seu recoñecemento como servizo público esencial"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Nos orzamentos de 2026, o Goberno volve incrementar os cartos asignados a garantir á asistencia xurídica gratuíta preto dun 20%. O que significa destinar á prestación deste servizo máis de 18,5 millóns de euros.

A Xunta de Galicia está negociando o novo acordo co Consello da Avogacía Galega, e debe terse en conta que o acordo actual foi obxecto de melloras, de introdución de novos conceptos e que acolleu unha simplificación da tramitación das certificacións dos profesionais, precisamente para garantir a prestación deste servizo público tan esencial como necesario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:47:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:47:40
Nº Rexistro: 45393
Data envío: 14/01/2026 09:47:40.403

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35106**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a previsión da Consellería de Educación de responder ao escrito do Concello de Camariñas e as medidas e prazos para adaptar o transporte escolar ao alumnado de Bacharelato e FP"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"En resposta ás necesidades trasladadas polas familias, o Goberno galego, desde o pasado 13 de outubro, introduciu cambios na oferta de transporte público para garantir que o alumnado de Camariñas poida desprazarse diariamente ao IES Terra de Soneira, en Vimianzo.

Así, creouse un novo servizo con saída de Camariñas ás 08,00 horas que, de luns a venres, fai parada no IES Terra de Soneira e continúa despois cara a Santiago de Compostela. Esta nova proposta unifica o que antes eran dous servizos separados, un con saída de Camariñas ás 08,25 só os luns e venres, e outro con saída de Vimianzo cara Santiago ás 09,05 os martes, mércores e xoves. Deste xeito, facilítase a mobilidade do alumnado cara o instituto, mantendo a conexión desta comarca coa capital galega.

Na volta, unificáronse tamén os servizos de Vimianzo e Camariñas. O autobús sae de Santiago ás 13,00 horas e pasa polo IES Terra de Soneira ás 14,40, de xeito que o alumnado dispoña dun transporte axeitado para o regreso a Camariñas ao rematar a xornada lectiva.

A modificación supón integrar nun único servizo expedicións que ata agora se facían de xeito separado, optimizando a oferta e garantindo unha resposta máis axeitada ás necesidades reais do alumnado e das súas familias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:46:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:46:59
Nº Rexistro: 45390
Data envío: 14/01/2026 09:46:59.262

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35331**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a falta de profesorado no CEIP Valle Inclán de Perillo, no concello de Oleiros, a súa dotación para o curso 2025-2026, os motivos das súas carencias e a previsión de enviar dous mestres adicionais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 35332 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia, o 19 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDE5OWVmYmItNGRkNS00NzE0LWI1Y2YtMTVmZDYyNDg4NGJk&start=2692.478>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:17:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44722
Data envío: 11/01/2026 23:17:59.415

CSV: BOPGDSPG-XIDisEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35532**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora do transporte en autobús entre Carballo e A Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A conexión entre Carballo e A Coruña dispón na actualidade dunha oferta ampla e equilibrada entre frecuencias directas e con paradas intermedias. Así, de luns a venres non festivos existen 24 expedicións no sentido Carballo–A Coruña, das cales 11 son directas, é dicir, case a metade do total. No sentido inverso, A Coruña–Carballo, chegan a ofrecerse 29 expedicións ao día. Durante a fin de semana hai 15 expedicións en cada sentido.

O actual deseño garante non só as conexións directas entre Carballo e a capital provincial, senón tamén a cohesión da Costa da Morte. En todo caso, o Goberno Galego está sempre disposto a analizar todas as propostas que redunden nunha mellora do servizo.

Sempre que é factible, adopta medidas que permiten adecuar os servizos ás demandas trasladadas polos viaxeiros, xa sexa creando novos servizos, incrementando frecuencias, axustando horarios ou aumentar a capacidade dos autobuses.

A liña Carballo-A Coruña non é unha excepción. Hai exemplos que así o confirman. Así, ampliouse a capacidade da liña de autobús que conecta Fisterra con Cee e continúa ata a cidade da Coruña, pasando por localidades como Dumbría, Vimianzo ou Carballo, para atender as necesidades do alumnado que se despraza diariamente aos institutos da zona e ás persoas usuarias en xeral da comarca, que tamén empregan esta conexión para viaxar á capital herculina. Tamén se modificou o horario dun servizo de autobús entre Carballo e Corme para ampliar as opcións de enlace cos servizos que chagan a Carballo desde A Coruña".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:46:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:46:29
Nº Rexistro: 45387
Data envío: 14/01/2026 09:46:29.535

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35697**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"a situación do saneamento e a depuración de augas en Noia, a súa afectación á ría e ás infraestruturas, e as medidas e investimentos previstos pola Xunta da Galicia e o Estado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35699, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjE5Yzk1ZTZQtZmQzYi00OGY2LWJjZGQzM2M3NjlyZjZjNWY3&start=4745.473>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a situación da depuración das augas residuais en Noia e as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mellora das infraestruturas de saneamento e da calidade das augas da ría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:18:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45757
Data envío: 15/01/2026 14:18:23.372

CSV: BOPGDSPG-XIDIsEFG7-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

